

ÓSCAR PEREIRO

É un ciclista galego, especialista en carreiras longas. Naceu en Petelos, na comarca de Vigo, o 3 de agosto de 1977. Comezou no ciclismo moi mozo, practicando inicialmente o ciclocrós...

ESTEFANÍA HERNÁNDEZ

Naceu na Coruña, en 1985. Comezou a practicar taekwondo aos seis anos de idade no seu colexio, como actividade extraescolar. Aos trece anos, nada máis comezar a competir, gañou o seu primeiro campionato galego e, ao ano seguinte, gañou o Campionato de España...

CARLOS PÉREZ RIAL

Nado o 12 de abril de 1979, en Cangas do Sar, gañou as medallas de 200 e 500 metros...

O SOCIÓLOGO FRANCÉS Jacques Attali predicía que no século XXI "o lecer será a principal ocupación dos habitantes do norte". Máis concretamente, sinala que a diversión, o deporte, o xogo, o espectáculo e o turismo non serán realmente senón...

Fichas

De acordo.

Grazas.

Si, por favor. Dígame que a chamei.

Dígame?

De parte de quen, por favor?

En terra de...

Fichas



un teléfono móbil



unha marca de le...



un xampú



unha marisquería



un todo terreo



unha crema facial

Fichas



Un tipo vai moi contente pola estrada conduciendo o seu novo Mercedes Benz. De repente, ten un accidente e termina no hospital. Cando esperta, pregunta polo seu coche e dílle que quedou destruído. El responde: "O meu Mercedes! O meu Mercedes!". O médico dílle: "Senor, vinda dicirle que isto non é o seu. No accidente tamén perdeu o seu nome". O tipo aínda sorprendido responde:

Un home vai ao médico e dílle: -Dra. Doctor, vexo porque me sinto un pouco máis doado e máis os meus fillos dicen que son doado. -Como? -Que me cuido, a miña familia di que non son doado. -Se o é, vetele un ben... a ver, repita. -Virei. -Virei-vos. -Virei ben... virei ben. -O home chega á casa e dílle á súa esposa: -Non campo de matriculas supra un pouco de vento e así unha máis ou menos. O resto do mundo de débese comenar a vir a garrulladas. A mamá que está en chon miras e dílle:

De viaxe por... Ecuador

Ecuador é un dos países de América Latina que máis sorprende os turistas que o visitan. Ademais de multiétnico, presenta atractivos como unha gran variedade de paisaxes, moitos restos de culturas prehispánicas, a súa peculiar artesanía e as illas Galápagos. Non obstante, á hora de planificar unha viaxe a este país, tamén é recomendable ter en conta algunhas cuestións políticas.

Para entrar no país sómente debemos asegurarnos de que o noso pasaporte está en regra. Os controis á chegada non adoitan ser exhaustivos, pero á saída si, porque antes de abandonar o país, as autoridades aduaneiras realizan detidamente a inspección dos turistas. Debemos ser especialmente cuidadosos se compramos algo que poida ser considerado patrimonio histórico, artístico ou natural, xa que existe unha reputación sobre estes bens que nos pode traer dificultades á hora de deixar o país. Para evitar calquera risco, o mellor é informarse no servizo de aduanas. Para chegar a Ecuador desde Europa, só podemos escoller entre catro compañías aéreas. Desde Madrid, pódese voar con Iberia (esta compañía ofrece voos directos diarios a partir de 825 euros). KLM, empresa aérea holandesa,

oferta voos que saen de Amsterdam (facendo escala en Caracas) desde 775 euros. Lufthansa e Air France teñen voos á capital ecuatoriana vía Bogotá. Se queremos chegar a Ecuador por terra, temos varias opcións: cruzar a fronteira desde Perú por Huancayo e Maracá, ou desde Colombia por Tulcá. O horario das fronteiras é de 8:00 a 18:00 h e venimos obrigados a selar a nosa entrada ao país e a entregar unha carta de turista. Unha vez realizados os trámites necesarios, xa podemos comezar a movernos por Ecuador por moi poucos euros. Debemos saber que nos últimos anos a inseguridade creceu considerablemente nas cidades ecuatorianas, debido ao aumento da pobreza e á presenza de rebeldes de delincuencia internacional, relacionados principalmente

co narcotráfico. En Quito e en Guayaquil, temos que estar moi atentos cos cartaxistas e é mellor non facer nosas nosas deixar ver que levamos moito diñeiro. No caso de ser vítimas dun delito, hai que acudir inmediatamente á Fiscalía Especial de Turistas. A antiga moeda de Ecuador, o sucre, foi substituída hai algúns anos polo dólar estadounidense e o cambio de euros á nosa moeda dentro do país pode resultarnos un pouco complicado. Unha alternativa é viaxar levando os dólares, pero, neste caso, debemos pensar en facernos con billetes pequenos. Por outra banda, é importante saber que non podemos contar cegamente na nosa tarxeta de crédito, xa que os caixeiros automáticos non abundan nas grandes cidades ecuatorianas e, nas poboacións pequenas, aínda non existen.

- 1. Que características ou elementos destacan en Ecuador?
2. Como son os controis aduaneiros á chegada e á saída do país?
3. Que países teñen fronteira con Ecuador?

Fichas

Fichas

FICHA 1

Vogal	-l	-n	-r	-s	-z	Outras consoantes

FICHA 2

	fareiro/a nunha illa deserta	médico/a en Alasca	catador/a de bombóns en Suíza	director/a dunha residencia de anciáns	profesor/a dos fillos dun xeque árabe	instrutor/a de tai chi	astronauta no voo con tripulación a Marte	DJ nunha discoteca en Sanxenxo
estudos								
idade								
sexo								
estado civil								
nacionalidade								
idiomas								
experiencia laboral								
dispoñibilidade								
afeccións								
personalidade								

FICHA 3

Cambiou Ánxela?	
Onde vive?	
Que mudou na súa vida?	
Lémbrase de Xoán?	
É feliz?	
Quere manter unha correspondencia con Xoán?	

FICHA 4**Texto 1**

Nunha vila da miña provincia, houbo un incendio forestal o verán pasado. Para loitar contra o lume mobilizáronse todos os medios de emerxencia *que estaban dispoñibles*: máis de cen voluntarios, corenta bombeiros profesionais, cinco helicópteros e un hidroavión. Tardaron catro días en controlar o lume e dous máis en apagalo. Despois, un equipo de técnicos foi ao lugar para avaliar os danos. Ata aquí todo normal, pero a sorpresa chegou cando os técnicos atoparon no medio do monte o cadáver dun mergullador. *Ninguén podía crer o que estaban vendo, xa que a praia estaba a case 60 quilómetros*. A única explicación que se lles ocorreu foi que o hidroavión, ao coller auga no mar, absorbeu o home, *que estaba practicando pesca submarina*. O caso nunca chegou a aclararse completamente.

Texto 2

Unha vez próximo á vila, o home ía en coche cara á súa casa. Estaba algo bebido e conducía moi á presa. Cando o home chegou a uns dous quilómetros da vila, atopou un control policial e fixérono parar. *Os gardas civís estaban pedindo a documentación e, nese intre, produciuse un accidente a uns 300 metros daquel lugar e os gardas foron cara a alí*. Aproveitando o momento, o condutor fuxiu, chegou á súa casa e meteu o coche no garaxe. Unhas dúas horas máis tarde, *cando o condutor estaba durmindo*, a policía presentouse na súa casa. O condutor negou os feitos. “Estiven toda a noite na casa”, dixo, pero os gardas preguntáronlle polo seu coche. “Onde garda o seu coche, señor?” Levounos ata o garaxe e, cando o abriron, aparece o coche patrulla da Garda Civil: *aínda tiña as luces acesas*. Seica cando fuxiu *estaba tan nervioso que confundiu o coche dos gardas co seu propio*.

FICHA 5

	V	F
Wataru adoita regalarlle á xente algo típico do seu país.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Nesta viaxe coñeceu os pais dos seus amigos de Zacande.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Á nai dos seus amigos pareceulle estraño recibir o mesmo regalo dúas veces.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Wataru avergoñouse da situación e desculpouse.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

FICHA 6

- ... cando cheguei á casa metínme na cama e durmín máis de 20 horas seguidas.

- ... a verdade é que aínda non me explico como puiden ser tan estúpido/a.

- ... cando descubrín a verdade, boteime a rir. Deume un ataque de risa que non era quen de parar.

- ... e dende entón non volvíñ probar o peixe.

- ... quedei tan furioso/a que fixen unha reclamación e envíelle unha carta a un xornal.

- ... púxenme moi colorado/a e non sabía onde me meter.

- ... e esa foi a última vez que o vin e que falei con el.

- ... e cando espertei estaba no chan e había moita xente ao meu redor.

ÓSCAR PEREIRO


É un ciclista galego, especialista en carreiras longas. Naceu en Petelos, na comarca de Vigo, o 3 de agosto de 1977. Comezou no ciclismo moi mozo, practicando inicialmente o ciclocrós, modalidade da que foi subcampión estatal aos 17 anos. En 1995, chegou a ser campión galego de tres especialidades ao mesmo tempo: afeccionado en estrada, montaña e ciclocrós. Converteuse nun profesional do ciclismo ao entrar, no ano 2000, no equipo portugués Porta da Ravessa. No seu palmarés destaca o Tour de Francia, que gañou en 2006. Nese mesmo ano, participou en dúas campañas publicitarias: unha para promover o repartimento das tarefas no fogar e outra para mellorar a condución viaria e evitar os accidentes de tráfico. En 2008, concedéronlle a medalla de ouro ao mérito deportivo de España.

ESTEFANÍA HERNÁNDEZ

Naceu na Coruña, en 1985. Comezou a practicar taekwondo aos seis anos de idade no seu colexio, como actividade extraescolar. Aos trece anos, nada máis comezar a competir, gañou o seu primeiro campionato galego e, ao ano seguinte, gañou o Campionato de España. Alcanzou a gloria no 2008, cando obtivo os títulos de campioa de España e de Europa, malia sufrir unha serie de lesións previamente. Entre os méritos que destacan no seu palmarés están: campioa absoluta de Galicia en 2001, 2003, 2005, 2006, 2007 e 2008; campioa de Europa absoluta no 2008; subcampioa do Mundo Universitario no 2008; campioa estatal absoluta no 2008 e 2009; campioa universitaria estatal no 2008. En 2009, foi escollida a mellor deportista herculina do ano.

CARLOS PÉREZ RIAL

Nado o 12 de abril de 1979, en Cangas do Morrazo, Pontevedra, é un piragüista especialista en kaiak, nas distancias de 200 e 500 metros. Perucho, como tamén é coñecido, comezou a practicar o piragüismo aos nove anos de idade e a partir dos dezasete pasou a dedicarse máis en serio a este deporte. Na súa traxectoria gañou o Campionato Mundial de 2005, en Zagreb (Croacia), e foi campión europeo en Poznan (Polonia), en 2005 e, en Brandeburgo (Alemaña), en 2009. Non obstante, o seu maior galardón foi a medalla de ouro que conseguiu nos Xogos Olímpicos de Pequín en 2008. Malia as dificultades, consegue compaxinar a carreira de deportista de elite co seu traballo como policía nacional. No ano 2008, foi elixido o mellor padexeiro masculino, ao lado de David Cal.



un teléfono móbil




unha marca de leite



un reloxo



un xampú



unha escola de idiomas



unha marisquería



un cueiro



un todo terreo



unhas botas de montaña



unha crema facial

Introdúzaas no forno a temperatura media.

Retire o plástico protector.

Indique a cantidade desexada.

Conecte o cable negro ao televisor.

Estire a masa sobre unha superficie plana.

Marque o código do produto.

Conecte o aparello á rede eléctrica.

Reénchaa coa mestura.

Introduza o importe indicado na pantalla.

Sepia con patacas

(Para dúas persoas)

1. Compre dúas sepias medianas e lave as sepias.
2. Despois, seque as sepias e corte as sepias en anacos (non faga os anacos demasiado pequenos).
3. Quente un pouco de aceite nunha cazola e, unha vez que estea quente, engada a sepia.
4. Manteña a cazola ao lume, ata que a sepia estea ben dourada.
5. A continuación, pique unha cebola grande en anacos medianos e bote a cebola na cazola.
6. Corte un tomate pequeno en cubos, pero non engada o tomate ata que a cebola estea transparente. Deixe que se faga o tomate durante uns minutos.
7. Mentres, pele catro patacas medianas e corte as patacas en catro cachos.
8. Bote as patacas na cazola xunto con caldo sufi ciente para cubrir o guiso e engada ao guiso un chisco de sal e unhas follas de loureiro.
9. Deixe que o guiso se cociña tapado a lume lento durante media hora.
10. Non sirva o guiso inmediatamente, está moito máis saboroso se repousa un pouco despois de que se apague o lume.

FICHA 11

Que vemos?

1. Logotipo:
2. Servizo que ofrece:
3. Slogan:
4. Soporte:
5. Como se describe o produto?
6. Como é o texto?
7. Que tipo de texto imita?

Que nos suxire?

1. Gústache? Por que?
2. O slogan é fácil de lembrar?
3. A que tipo de público se dirixe?
4. A que valores se asocia o produto?

FICHA 12

	1 (ter)	2 (dicir)	3 (haber)	4 (pór)	5 (poder)	6 (vir)	7 (facer)	8 (saír)	9 (querer)
1 (eu)									
2 (ti)									
3 (el/ela)									
4 (nós)									
5 (vós)									
6 (eles/ elas)									

Palabras agudas (última sílaba)	Palabras graves (penúltima sílaba)	Palabras esdrúxulas (antepenúltima sílaba)	Palabras monosilábicas

A HISTORIA DAS GALLETAS DA SORTE

Ao longo dos séculos, os chineses celebraron festividades especiais, como o Aninovo, facendo intercambios de pasteis en forma de lúa, feitos con pasta de bulbo de loto. Cando, nos séculos XIII e XIV, China foi invadida polos mongois, os chineses planificaron un levantamento. Estaban especialmente preocupados por atopar un xeito de transmitir entre os seus a data do levantamento sen que os descubrisen, así que como aos mongois non lles gustaba a pasta de bulbo de loto, os chineses eliminaron o lévedo dos pasteliños con forma de lúa e esconderon no seu interior unha mensaxe coa data do levantamento. O plan tivo éxito e supuxo o establecemento da dinastía Ming. Desde entón, o intercambio de pasteliños cunha mensaxe de boa sorte converteuse nunha tradición para ocasións especiais.

As galletas da sorte, tal e como se coñecen hoxe, foron creadas polos chineses que traballaban na construción do ferrocarril de Serra Nevada, California. O traballo era moi duro e había poucos motivos de alegría naqueles campamentos illados. Como os traballadores só podían facer galletas, nelas metían mensaxes de felicidade e esperanza. Así foi como naceron as famosas “galletas da sorte”. Este fenómeno creceu enormemente cando os chineses se instalaram en San Francisco. Durante a época da febre do ouro, o costume continuou. Posteriormente, incluíronse mensaxes publicitarias de compañías privadas ou de organismos gobernamentais no reverso do papel. Por exemplo, a policía de Hong Kong empregounas nas súas campañas antidroga, iniciativa que logo foi seguida polos Estados Unidos.

Hoxe en día, é practicamente imposible terminar unha comida nun restaurante chinés de Norteamérica sen unha galleta da sorte. Ata 1964, estas galletas facíanse á man. A partir dese ano, empezaron a facerse de xeito industrial en Estados Unidos e, recentemente, abriron fábricas no Reino Unido, xa que as galletas da sorte son cada vez máis populares nos restaurantes chineses de Europa.

FICHA 14 (Cont.)

	Antes de ler o texto		Despois de ler o texto	
	V	F	V	F
1 A primeira vez que se puxo unha mensaxe dentro dunha galleta foi para pasar unha información secreta.				
2 As galletas da sorte como as que coñecemos hoxe en día naceron en Estados Unidos.				
3 As galletas da sorte aínda non se coñecen moito nos restaurantes europeos.				
4 Algunhas veces esas galletas son portadoras de mensaxes publicitarias.				
5 Na actualidade, as galletas da sorte séguense fabricando de forma moi artesanal.				
6 Esas galletas son moi populares en Estados Unidos e Canadá, pero non en China.				

FICHA 15

Se tes parella...	... veraste recompensado.
Se che gusta viaxar...	Se non tes parella...
... a túa saúde resentirase.	... posiblemente faredes as paces este ano.
Se tes problemas con alguén da túa familia...	... seguramente iredes vivir xuntos moi pronto.
... non te preocupes: o día menos pensado recibirás unha boa cantidade.	Se non te coidas un pouco...
... posiblemente coñecerás alguén moi especial.	... parabéns! Este ano visitarás moitos países por traballo.
Se fas algo para axudar os demais...	Se tes problemas de cartos...

FICHA 16

O SOCIÓLOGO FRANCÉS Jacques Attali predicía que no século XXI “o lecer será a principal ocupación dos habitantes do norte”. Máis concretamente, sinala que a diversión, o deporte, o xogo, o espectáculo e o turismo non serán realmente practicados, senón que será suficiente co “nomadismo virtual” ou, o que é o mesmo, co simulacro. Deste xeito, visitaranse os museos, xogarase ao golf ou irase de vacacións ao Caribe dende a casa de forma virtual. Incluso será posible trasladarse a calquera época da historia ou charlar con clons de gañadores do premio Nobel.

FICHA 17

En terra de lobos...	... da boca do lobo.
O fillo do lobo...	... caza á espera.
Deus nos libre...	... non volve baleiro.
Vaca de moitos...	... gandiño sae.
O lobo vello...	... ouvear deprende.
Come o lobo de toda a carne...	... non hai que comer no souto.
Lobo tardeiro...	... cómena os lobos.
O que entre lobos se mete...	... ouvear coma todos.
Quen con lobos anda...	... menos da súa, que a lambe.
Cando un lobo come a outro...	... tira sempre ao monte.

**PORCENTAXE DE ESTUDANTES QUE UTILIZA INTERNET
PARA ACTIVIDADES CONCRETAS**

N.º

Lectura de noticias de actualidade	
Xestións bancarias	
Compra de produtos ou servizos	
Xogos na rede	
Busca de información ou documentación	
Consultas de actividades de lecer e tempo libre (TV, cinema, espectáculos...)	
Descarga de música ou de filmes	
Envío de mensaxes a móbiles	
Procura de emprego	
Xestións coa Administración (Padrón municipal, Seguridade Social, impostos...)	
Chamadas telefónicas e videochamadas	
Outras:	

CONCLUSIÓNS

A maioría dos estudantes da clase

.....

Moitos estudantes

.....

(Case) a metade dos estudantes

.....

Algúns estudantes

.....

Poucos estudantes

.....

.....

FICHA 19

	País/países
1 É normal comer pasta unha ou dúas veces ao día.	
2 Cómesse con palillos.	
3 Adoitan tomar o vermú as fins de semana.	
4	
5	
6	
7	
8	

FICHA 20

Nome do restaurante:

.....

Tipo de comida:

.....

.....

.....

.....

Horario:

.....

Ambiente:

.....

.....

Opcións de pago:

.....

Normas:.....

.....

.....

.....

De acordo.

Grazas.

Si, por favor.
Dígalle que a chamei.

Ah!
Ola, que tal?

Dígame?

De parte de
quen, por favor?

Pois neste momento
non está. Quere deixarlle
algún recado?

Do Sr. Ferreiro.

Como estás?
Son anxo.

Si, son eu.

Un momento, por
favor.

Vane?

Creo que si.
Un momento.

Ola?

Está a Sra.
Fidalgo?

Ola, está
Vanesa?

A

**Viches as miñas
lentes de sol?**

B

Que noxo me dan as arañas!

A

**Pódesme dicir onde hai un
enchufe? É que teño que
cargar o móbil.**

B

**Esta tarde non podo saír
porque estou esperando o
fontaneiro.**

A

**Esta mañá non oín o
espertador.**

B

**Necesito uns 100 gramos de
améndoas para facer unha
torta.**

A

**Non soporto a xente que come
flocos de millo no cinema.**

B

**Eu non podo ver sangue
porque caio ao chan.**



A

**O noso profesor é moi riquíño,
non cres?**

B

**Hai que ter moita paciencia
cando se aprende unha lingua
nova.**

FICHA 23



FICHA 24

Un tipo vai moi contento pola estrada conducindo o seu novo Mercedes Benz. De súpeto, ten un accidente e lévano ao hospital. Cando esperta, pregunta polo seu coche e dinlle que quedou desfeito. El laméntase: "O meu Mercedes! O meu Mercedes!". O médico dille: "Señor, sinto dicirlle que iso non é o peor. No accidente tamén perdeu vostede un brazo". O tipo mírao sorprendido e responde:

A

A vostede o que lle pasa é que ten o brazo roto.

O meu Rolex! O meu Rolex!

Cariño, di o médico que Federico está tolo.

Nun campo de maceiras sopra un pouco de vento e cae unha mazá ao chan. O resto de mazás da árbore comeza a rir a gargalladas. A mazá que está no chan míraas e dille:

B

María, vai ao federico e tráeme unha Coca-cola.

Vaia golpe!

De que rides, bando de inmaturas?

Un home vai ao médico e dille:

—Oia, doutor, veño porque na miña casa a miña muller e mais os meus fillos din que eu non sei dicir Federico.

—Como?

—Que na casa, a miña familia di que non sei dicir Federico!

—Se o di vostede moi ben... a ver, repítalo.

—Mire: Fe-de-ri-co.

—Moi ben... marche tranquilo. A vostede quéreno tolear.

—O home chega á casa e dille á súa muller:

C

FICHA 25

O xoves pasado saio da casa coma sempre para ir traballar e, cando chego á parada de autobús, lembro que só teño un billete de 50 euros. Vou á cafetería que hai ao lado, pero non teñen cambio. Cando chega o autobús, son a primeira en entrar e doulle o billete ao condutor, que me di que tampouco mo pode cambiar. Pregúntolles a varias persoas, pero ninguén ten cambio, polo que baixo do vehículo. Como se facía tarde, decido coller un taxi. Paro o primeiro que chega e dígolle: "Á praza de abastos, por favor". Cando chegamos, doulle o billete ao taxista e resulta que tampouco ten cambio porque o anterior cliente acababa de pagarlle cun billete de 50 euros. Ao final...

FICHA 26

O **Audiovisual Galego (AVG)** é un portal que ten como obxectivo a creación de mercado de espectadores e de consumidores de toda a produción audiovisual galega, co obxectivo de conseguir a promoción e a visibilidade dos produtos realizados nese ámbito no contorno de Galicia. Nel pódense atopar novas e reportaxes sobre os profesionais e sobre as súas obras, información dos máis diversos certames e descargas de diferentes producións audiovisuais.

Os **Premios Mestre Mateo** entrégaos a Academia Galega do Audiovisual dende o ano 2002, co fin de fomentar a produción cinematográfica e televisiva galegas (incluíndo a publicidade). Ademais, teñen a pretensión de promover, celebrar e reivindicar o feito de que na sociedade galega existe un audiovisual activo. O nome deses premios débese ao Mestre Mateo, realizador da maior parte do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago de Compostela. Os traballos premiados decídenos os membros da Academia en votación secreta e os premios supoñen unha serie de actividades que teñen como evento culminante unha gala que se celebra coa colaboración da TVG.

asalto	asaltar	asaltante
		consumidor
tráfico		
		parado
terrorismo		
desemprego		
	inmigrar	
corrupción		
		contaminador

MANIFESTACIÓNS DE SONA EN GALICIA

18-10-2009: Máis de 50.000 persoas concentráronse na praza da Quintana, en Santiago de Compostela, para reivindicar a defensa e o ensino do galego.

3-06-2009: Máis de 1.500 traballadores do metal reuníronse nos estaleiros de Vigo para esixir unha suba salarial do 6%.

18.04.2009: Uns 20.000 motociclistas percorreron as sete cidades máis importantes de Galicia, para pedir a substitución das barreiras de protección (gardarraís) por sistemas máis seguros para motocicletas.

1-12-2002: Máis de 200.000 persoas gritaron “Nunca máis”, protestando polo accidente do petroleiro *Prestige*.

28-11-2001: Máis de 30.000 estudantes mobilizáronse contra a reforma universitaria, na praza do Obradoiro en Santiago de Compostela.

A

Cuestionario de avaliación do/a profesor/a

Tipo de curso:

Nivel:

Data:

	Si	Non
..... <i>corrixe</i> pouco	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
..... pouca gramática	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
..... moi esixente	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
..... poucos deberes	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Non moito no encerado	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
..... demasiado rápido	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
..... poucas cousas aos estudantes	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
..... cancións na clase	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

- traballar con
- dar
- ensinar
- escribir
- poñer
- preguntar
- explicar
- ser
- falar

B

	Presente de indicativo 3.ª persoa singular	Presente de subxuntivo 3.ª persoa singular
corrixir		
explicar		
ser		
poñer		
escribir		
falar		
preguntar		

Benedicto García Villar (Santiago de Compostela, 1947): cantante, mestre e sindicalista galego que practicou a canción de autor de intervención política e foi un dos fundadores do grupo Voces Ceives.

Xerardo Moscoso Caamaño (Cidade de México, 1954): cantautor galego, tamén vinculado nos seus inicios ao colectivo Voces Ceives. A pesar de ser médico de profesión, exerceu varios oficios relacionados coa interpretación dramática, tanto no cinema coma no teatro.

Vicente Araguas (Xuvia, Neda, 1950): estudou Filoloxía Inglesa na Universidade de Santiago de Compostela, onde comezou a escribir e a cantar en galego. Ademais de dedicarse á docencia, é tamén poeta e crítico literario.

Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912 – Vigo, 1979): poeta social e comprometido coa lingua galega. Os seus poemas formaban a base do repertorio das cancións sociais defendidas polos integrantes de Voces Ceives.

Fuxan os Ventos: nome que adoptou o grupo musical galego Folk 72, formado en 1972, tras gañar o primeiro premio no II Festival Musical das San Lucas de Mondoñedo, co tema homónimo.

A Roda: grupo de música tradicional galega, formado en 1976 por un grupo de amigos que adoitaban cantar nas tabernas nunha mesa redonda. Algunhas das súas cancións son todo un clásico en Balaídos, estadio do Celta de Vigo.

Milladoiro: é o grupo galego de música folk máis coñecido internacionalmente. Naceu a finais da década dos anos 70 e o seu repertorio retoma a canción celta e recupera instrumentos tradicionais como a gaita, o clarinete, a ocarina e o bouzouki.

Emilio Cao (Santiago de Compostela, 1957): músico e compositor da música folclórica galega, que destaca pola interpretación da arpa celta e por tentar recuperar este instrumento en Galicia.

Suso Vaamonde (Pontecaldelas, 1950 – Chapela, 2000): cantautor e defensor da lingua e da cultura galegas. Participou do colectivo Voces Ceives e tamén foi preso político.

Raimon (Játiva, 1940): cantautor valenciano, pioneiro en usar a lingua catalá como vehículo de expresión da canción. É un dos máis importantes expoñentes do movemento histórico da canción social.

José Manuel Cerqueira Afonso dos Santos ou **Zeca Afonso** (Aveiro, 1929 – Setúbal, 1987): compositor portugués de canción protesta que escribiu algunhas letras contra a ditadura do seu país e converteuse nun dos mellores músicos de Portugal. Entre os seus éxitos, figura a canción *Grândola, vila morena*, que marcou o inicio da Revolución dos Cravos (25 de abril de 1974).

Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944): escritor e político galego, membro da Asociación de Escritores en Lingua Galega. O seu poema *Eu son a voz do pobo* converteuse nunha canción emblemática de Voces Ceives.

Manuel María Fernández Teixeiro (Outeiro de Rei, 1929 – A Coruña, 2004): poeta en lingua galega en cuxos poemas destacan, entre outros, temas como o amor, a arte, o compromiso político e a lingua. Así mesmo, presentou a “nova canción galega”, na que pasou dunha postura existencialista e pesimista a un compromiso social e político.

Juan Pardo Suárez (Palma de Mallorca, 1942): cantautor e compositor español; mallorquino de nacemento, pero galego de adopción. En 1976, fixo unha homenaxe a Galicia: gravou un disco cantando integralmente en galego, no que musicou poemas de Eduardo Pondal e Ramón Cabanillas e, ademais, cantou o Himno de Galicia.

De viaxe por... Ecuador

Ecuador é un dos países de América Latina que máis sorprende os turistas que o visitan. Ademais de multiétnico, presenta atractivos como unha gran variedade de paisaxes, moitos restos de culturas prehispánicas, a súa peculiar artesanía e as illas Galápagos. Non obstante, á hora de planificar unha viaxe a este país, tamén é recomendable ter en conta algunhas cuestións políticas.

Para entrar no país soamente debemos asegurarnos de que o noso pasaporte está en regra. Os controis á chegada non adoitan ser exhaustivos, pero á saída si, porque antes de abandonar o país, as autoridades aduaneiras rexistran detidamente a equipaxe dos turistas. Debemos ser especialmente coidadosos se compramos algo que poida ser considerado patrimonio histórico, artístico ou natural, xa que existe unha regulación sobre estes bens que nos pode traer dificultades á hora de deixar o país. Para evitar calquera risco, o mellor é informarse no servizo de aduanas. Para chegar a Ecuador dende Europa, só podemos escoller entre catro compañías aéreas. Dende Madrid, pódese voar con Iberia (esta compañía ofrece voos directos diarios a partir de 825 euros). KLM, empresa aérea holandesa,

oferta voos que saen de Amsterdam (facendo escala en Curaçao) dende 775 euros. Lufthansa e Air France teñen voos á capital ecuatoriana vía Bogotá.

Se desexamos chegar a Ecuador por terra, temos varias opcións: cruzar a fronteira dende Perú por Huaquillas e Maracá, ou dende Colombia por Tulcán. O horario das fronteiras é de 8.00 a 18.00 h e verémonos obrigados a selar a nosa entrada ao país e a entregar unha carta de turista. Unha vez realizados os trámites necesarios, xa podemos comezar a movernos por Ecuador por moi poucos cartos.

Debemos saber que nos últimos anos a inseguridade creceu considerablemente nas cidades ecuatorianas, debido ao aumento da pobreza e á presenza de redes de delincuencia internacional, relacionadas principalmente

co narcotráfico. En Quito e en Guayaquil, temos que estar moi atentos aos carteiristas e é mellor non lucir xoias nin deixar ver que levamos moito diñeiro. No caso de ser vítimas dun delito, hai que acudir inmediatamente á Fiscalía Especial de Turismo.

A antiga moeda de Ecuador, o sucre, foi substituída hai algúns anos polo dólar estadounidense e o cambio de euros á nova moeda dentro do país pode resultarnos un pouco complicado. Unha alternativa é viaxar levando os dólares, pero, neste caso, debemos pensar en facernos con billetes pequenos. Por outra banda, é importante saber que non podemos confiar cegamente na nosa tarxeta de crédito, xa que os caixeiros automáticos non abundan nas grandes cidades ecuatorianas e, nas poboacións pequenas, aínda non existen.

1. Que características ou elementos destacan en Ecuador?

.....

2. Como son os controis aduaneiros á chegada e á saída do país?

.....

3. Que países teñen fronteira con Ecuador?

.....

4. Que medidas de seguridade hai que tomar nas grandes cidades?

.....

5. Cal é a mellor moeda para levar?

.....

Rosa Aneiro Díaz (Valdoviño, 1976) é unha escritora galega de novelas, relatos e artigos literarios. Traballa no Consello da Cultura Galega e, como xornalista, colabora en distintos medios de comunicación impresos e dixitais, como *Diario de Pontevedra*, *Galicia Hoxe*, *Diario de Ferrol* e cultura.galega.org, así como no programa *Un día por diante*, da Radio galega.

En 1999, publicou a súa primeira novela, *Eu de maior quero ser*, á que lle seguiron *Corazóns amolecidos en salitre* e *Resistencia* (2002), *O xardín da media lúa* e *Veu visitarme o mar* (2004), *Ás de bolboretas* e *Sol de inverno* (2009). Varios dos seus traballos foron recoñecidos con distintos premios literarios.

Na ligazón http://www.culturagalega.org/lg3/novidade.php?Cod_prdccn=43 atópase unha recensión da novela *Resistencia*.

Ánxel Fole Sánchez (Lugo, 1903-1986), escritor que cultivou todos os xéneros literarios (narrativa, poesía, teatro e ensaio). Non obstante, tivo máis éxito cos seus libros de contos, nos que recolle a tradición de relatos orais.

As súas principais obras son: *Á lus do candil. Contos a carón do lume* (1953), *Terra Brava. Contos da solaina* (1955), *Pauto do Demo* (1958), *Contos da néboa* (1972) e *Historias que ninguén cre* (1981).

Na ligazón <http://www.prazadasletras.org/letras/libros/libro/6/a-lus-do-candil> atópase unha recensión do libro *Á lus do candil. Contos a carón do lume*, no que figura o conto “O lordanas”.

María Teresa Moure Pereiro (Monforte, 1966) é escritora e profesora na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Entre os seus traballos destacan: *A xeira das árbores* (2004), *Outro idioma é posible* (2005), *Herba Moura* (2005) e *Unha primavera para Aldara* (2005), polos que recibiu diversos premios.

Miguel Anxo Fernán Vello (Cospeito, 1958), escritor e editor galego, dedicouse aos estudos de Música, Filosofía e Filoloxía, entre A Coruña e Santiago de Compostela. Membro da Asociación de Escritores en Lingua Galega e da AGAL, colaborou na fundación das revistas *Cen augas* e *Agalia* e tamén fundou a editorial Espiral Maior en 1991. Aínda que é tamén ensaísta e dramaturgo, destaca sobre todo no ámbito da poesía e, amais de contar con diversos premios no ámbito autonómico e estatal, ten unha boa parte da súa obra poética traducida ao español, ao catalán e ao italiano. Así mesmo, moitos dos seus poemas figuran en importantes antoloxías editadas en Galicia e noutras partes de España, Portugal, Italia, Bélxica, Inglaterra, Rusia e Brasil. Entre as súas obras destacan *Do desexo en corpo e sombra* e *Seivas de amor e tránsito* (1984), *Entre auga e fogo* (1987), *Memorial de brancura* (1992), *As certezas do clima* (1996), *Territorio da desaparición* e *Capital do corpo* (2004). En 2008, publicouse a súa antoloxía poética, organizada por Manuele Massini e Teresa Seara.

FICHA 33

Baldo Ramos (Celanova, 1971), profesor, poeta e artista plástico, a súa obra esculca nos espazos que comparten a poesía e a pintura. Algúns dos seus libros de artista, como *Raíz do voo*, *As follas da memoria*, *Ut pictura poesis* e *Signos de cinza* ilustran o froito desta fusión. Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, actualmente traballa como profesor de Lingua e Literatura Española no instituto de Valga (Pontevedra). Ten publicados diversos libros de poesía, tanto en galego coma en castelán, e recibiu diversos premios. Así mesmo, a súa obra pictórica xa se expuxo en diferentes galerías do país.

FICHA 34

xornal

Internet

tesoiras

gambas

cervexa

mercado

xabón

flor

avión

foto

FORMA E CONTIDO
(fragmento)

O millo gaña peso en vertical
e a suor perde o medo no meu corpo.
Pero non levo escudo, só a dureza do mármore
sen vetas. O seu frío sen vetas por detrás.
Que o corpo loite a morte
para facer do mármore o seu único inverno.
O pan e os nomes rompen o papel:
o fume que non trago,
a cinza que non puido esquecer o seu lume,
a borra do café no fregadeiro
o millo erguido e quente na túa man.

María do Cebreiro. Santiago de Compostela, 1976.

AIRIÑOS, AIRIÑOS AIRES
(fragmento)

Airiños, airiños aires,
airiños d'a miña terra;
airiños, airiños aires,
airiños, leváime á ela.
Sin ela vivir non podo,
non podo vivir contenta;
qu'adonde queira que vaya
cróbeme unha sombra espesa.

Rosalía de Castro. Santiago de Compostela, 1837-1885.

QUE TARDE TANTO
(fragmento)

Deixa que se alongue esta inquedanza de agora.
Que tarde, que tarde tanto
a patria deste
movimento da sevidume do pan.
Eu acaramelaba fechada nunha urna
pero non lazaba nunca a miseria dunha carencia.
Deixa que deite
unha présa lentísima
e que o desexo sexa
inmobilización da urxencia.

Yolanda Castaño. Santiago de Compostela, 1977.

Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981). Estudou bacharelato en Lugo, onde coñeceu personaxes como Ánxel Fole ou Luis Pimentel e, logo continuou os seus estudos en Santiago de Compostela, onde aprendeu filosofía e letras.

Dende mozo, dedicouse ao xornalismo e á literatura.

Exerceu de mestre en Ortigueira e, ao finalizar a guerra, dedicouse ao xornalismo, colaborando en xornais como o *ABC* ou *La voz de España*, aínda que o seu traballo destaca no *Faro de Vigo*, onde chegou incluso a ser director.

Ao longo da súa vida recibiu diferentes premios, foi nomeado Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela e tamén pertenceu á Real Academia Galega.

A súa obra abrangue todos os xéneros, dende a narración ata os libros de cociña, pasando pola poesía e polo drama. Non se pode negar que Cunqueiro renovou a literatura galega coa súa mestría lingüística e a súa espectacular fantasía. Títulos como *Cantiga nova que se chama Riveira*, *Merlín e familia*, *As crónicas do sochantre*, *Os outros feirantes*, *Don Hamlet*, *Herba aquí e acolá*, *Se o vello Sinbad volvese ás illas* e *Escola de menciñeiros* fan de Cunqueiro unha das figuras máis importantes da historia da literatura galega que, ademais, conta con múltiples traducións a outras linguas.

O 17 de maio de 1991 dedicóuselle o Día das Letras Galegas e, dende entón, pódese observar, na praza da Catedral de Mondoñedo, a estatua en bronce do escritor, realizada polo artista Juan Puchades.

